



## **INFORMACIÓN E DATAS DAS PROBAS DE ACCESO A CICLOS FORMATIVOS PARA O CURSO 2007-2008**

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria publicará proximamente no DOG a resolución da convocatoria ordinaria de probas de acceso a ciclos formativos de graos medio e superior para o vindeiro curso académico.

Toda a información e a documentación referente ás probas de acceso de grao medio e superior pode consultarse dentro da opción “probas” do menú da páxina web: <http://www.edu.xunta.es/fp>

Para calquera información adicional estarán dispoñibles os servizos da Unidade de Atención a Centros (teléfono: 902 905 445, fax: 981 934 400, enderezo electrónico: [uac@edu.xunta.es](mailto:uac@edu.xunta.es) e a páxina web: [www.edu.xunta.es/uac](http://www.edu.xunta.es/uac)). Tamén se poderá solicitar información nos servizos de orientación dos institutos de ensinanza secundaria e nos centros integrados de formación profesional.

### **Novidades da convocatoria de probas de acceso 2007-2008**

- Adiantase a idade para poder presentarse ás probas:
  - Grao medio: poderase presentar quen cumpra 17 anos no ano de realización da proba. Non precisa este requisito de idade quen supere un programa de garantía social.
  - Grao superior: poderase presentar quen cumpra 19 anos no ano de realización da proba ou 18 se se ten un título de técnico nun ciclo formativo pertencente á mesma familia profesional que o ciclo que se desexa cursar.
- As persoas que teñan superada a proba para o acceso á universidade para maiores de 25 anos poderán quedar exentas da realización da proba. Esta exención ten que solicitarse durante o período de inscrición para a proba. A súa puntuación para o proceso de admisión será de 5,00.
- A folla de inscrición presentarse por duplicado e o centro selará e datará unha copia que lle servirá á persoa solicitante como resgardo de inscrición. O día da celebración da proba o aspirante deberá levar o seu documento de identidade (DNI, NIE ou pasaporte) e a copia selada da folla de inscrición, que son os documentos que garanten a súa identidade e o seu dereito a presentarse á proba.

### **Calendario previsto das probas de acceso**

#### **Probas de acceso a ciclos de grao superior**

As probas de acceso a ciclos formativos de grao superior para o curso académico 2007-2008 terán lugar o día **22 de maio**. O período de inscrición para estas probas será do **16 ao 24 de abril**.

#### **Probas de acceso a ciclos de grao medio**

As probas de acceso a ciclos formativos de grao medio para o curso académico 2007-2008 levaranse a cabo o día **12 de xuño**. O período de inscrición será do **14 ao 22 de maio**.

As datas máis significativas resúmense na táboa:



# XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 – Santiago de Compostela  
Teléfono: 981546562 Fax:981546551  
dxfp@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es

<b>Probas de acceso</b>	<b>Grao superior MAIO</b>	<b>Grao medio XUÑO</b>
<b>Inscripción para a proba.</b>	<b>16 ao 24 de abril</b>	<b>14 ao 22 de maio</b>
Alumnado de garantía social. Presentación de certificados.		Antes do 28 de maio
<b>Publicación nos centros da relación provisional de persoas inscritas para a proba.</b>	<b>25 de abril</b>	<b>23 de maio</b>
Reclamación contra a listaxe provisional de persoas inscritas e presentación de documentación adicional.	26 e 27 de abril	24 e 25 de maio
<b>Publicación nos centros da relación definitiva de persoas inscritas para a proba.</b>	<b>30 de abril</b>	<b>28 de maio</b>
<b>Publicación dos centros públicos (sedes) onde se realizarán as probas.</b>	<b>2 de maio</b>	<b>30 de maio</b>
Publicación da listaxe das resolucións provisionais de exencións e probas adaptadas.	7 de maio	1 de xuño
Reclamación contra a listaxe provisional de exencións e probas adaptadas.	8 a 9 de maio ata as 12:00 h	4 a 5 de xuño ata as 12:00 h
<b>Publicación da resolución definitiva de exencións e probas adaptadas.</b>	<b>15 de maio</b>	<b>8 de xuño</b>
<b>Celebración da proba.</b>	<b>22 DE MAIO</b>	<b>12 DE XUÑO</b>
<b>Publicación das actas de cualificación provisional.</b>	<b>28 de maio</b>	<b>18 de xuño</b>
Reclamacións contra as actas de cualificación provisional.	29 e 30 de maio	19 e 20 de xuño
<b>Publicación das actas de cualificación definitiva.</b>	<b>5 de xuño</b>	<b>26 de xuño</b>
<b>Inicio da entrega de certificados nas sedes.</b>	<b>5 de xuño</b>	<b>26 de xuño</b>